

Annelie Gahl & MVSICA.PLAGENSIS

**Nasce la pena mia. Concerto para o
tempo da Paixón**

Annelie Gahl, violíns barrocos
Hans Brüderl, arquilaúde
Peter Trefflinger, violonchelo barroco
Ewald Donhoffer, órgano

Organiza

Concellaría de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica

Concepto e dirección artística

Belén Bermejo López

Asesoría musical, investigación e documentación

Andrés Díaz Pazos

Redacción

Andrés Díaz Pazos e Belén Bermejo López

Revisión lingüística

Elvira Ribeiro Tobío

Coordinación, imaxe e comunicación

Sirgo Torcendo

Maquetaxe

Cátia Leite

Producción técnica

Goyplasón S.L.

Asistencia á produción

Miraxe, S. Coop. Galega

Imprime

Lápices 4

Agradecementos

_Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares

_Comunidade de clarisas do convento de Santa Clara

_Comunidade de Carmelitas Contemplativos de Santiago de Compostela

_Consello Local da Orde Franciscana Regular

_Real e Ilustre Confraría Numeraria do Rosario de Santiago de Compostela

_Xan Gómez Viñas, socio traballador de NUMAX

_Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto

As chamadas sonatas do Rosario, de Heinrich Ignaz Franz von Biber, para violín e continuo, conforman unha das grandes coleccións de pezas para violín do Barroco. Consérvanse en forma manuscrita (non chegaron a seren editadas) e cada unha delas está precedida por un gravado que representa un dos 15 misterios do Rosario, de aí o seu nome. É probable que as sonatas fosen interpretadas polo propio Biber na catedral de Salzburgo como peche dos servizos relixiosos do mes de outubro, especialmente dedicado ao Rosario nesa catedral. De orixe bohemia, dende 1670 e ata a súa morte vivirá en Salzburgo, onde traballará primeiro como instrumentista na capela do arcebispo desta cidade e acadará, posteriormente, o cargo de mestre desta. Foi un compositor e violinista moi respectado e admirado no seu tempo, chegando a concederlle o emperador austríaco un título de nobreza polos seus sobresaíntes méritos. Ademais de pola súa calidade artística, a popularidade destas sonatas entre os violinistas de hoxe en día, reside tamén no abondoso uso que se fai da *scordatura*, en concreto en todas excepto na primeira delas. A *scordatura* consiste en cambiar a afinación habitual das cordas do violín co obxecto de modificar a tímbrica do instrumento e permitir a realización de certas dixitacións que, doutra maneira, serían imposibles. A última das pezas desta colección, a modo de peche, é un conxunto de variacións sobre a *Passacaglia*, que non é outra cousa que unha sucesión relativamente simple de acordes sobre a que moitos compositores do Barroco, entre eles Bach, elaboraron complexas variacións para diversos instrumentos. O programa do concerto de hoxe inclúe tres destas sonatas, a I, a VI e a X, ademais do *Passacaglia* final.

Canda as pezas de Biber, os intérpretes intercalarán outras que, polo seu carácter, e mesmo polo título, resultan especialmente acaídas para o tempo da Paixón no que se insire o concerto. Dúas delas son obra doutro destacado compositor e violinista, Johann Schop, un dos iniciadores da escola do violín en Alemaña. Schop, que ademais de ser un excelente violinista tamén tocaba o laúde, a corneta e a sacabuxa, entrou en 1615 a formar parte da rica capela musical do rei Christian IV de Dinamarca, en Copenhague, canda outros músicos de renome como, por exemplo, William Brade. Finalmente estableceríase como violinista municipal en Hamburgo en 1621, a rica cidade hanseática que, na altura, tiña entre os seus empregados un excelso elenco de músicos. Schop publicou varias coleccións de música, tanto de danza como de carácter sacro, relacionadas co tipo de repertorio que tiña que interpretar como músico da ci-

dade. Outras das súas obras aparecen recollidas en recompilacións misceláneas, como é o caso das variacións sobre o madrigal *Nasce la pena mia*, do italiano Alessandro Striggio, que aparecerá non *Uitnement Kabinet* (Gabinete Excelso), publicado en Amsterdam en 1649. Tamén, e antes da *Passacaglia* coa que rematará o concerto, poderemos escoitar unha das pezas que, en 1638, publica en Venecia o frade agostiño e virtuoso baixonista, Bartolomé de Selma y Salaverde. Nado en Cuenca arredor de 1595, era fillo de Bartolomé de Selma, menestrel e construtor de instrumentos da Capela Real española. Porén, e ao contrario do seu pai, parece que desenvolveu a súa carreira no estranxeiro, pois sabemos que entre 1628 e 1630 estaba empregado polo Arquiduque Leopoldo de Austria en Innsbruck. Ademais, a súa colección de pezas está dedicada ao fillo do rei Sigismund III de Polonia, Carl Ferdinando, que era bispo de Breslau. As pezas Selma, que apareceron publicadas no ano 1638 en Venecia baixo o título de *Canzoni fantasie et correnti da suonar*, están compostas xa nun estilo plenamente moderno, propio do Barroco, con cambios repentinos de tempo e dinámica.

O programa intercala textos dun dos máis grandes poetas en lingua alemá, Rainer Maria Rilke, tomados da súa obra *Das Marien-Leben* (*A vida de Maria*) publicada en 1913. Trátase dunha obra non moi coñecida de Rilke, escrita ao tempo que as famosas *Elexías de Duino*.

Andrés Díaz Pazos

Programa

Heinrich Ignaz Franz Biber
(1644-1704)

I. Die Verkündigung (A Anunciación, das Sonatas do Rosario)

Rainer Maria Rilke
(1875-1926)

Mariae Verkündigung (A Anunciación a María)

Johann Schop
(c. 1590-1667)

Diminucións sobre o madrigal Nasce la pena mia (de Alessandro Striggio) con continuo obrigado

Rainer Maria Rilke

Vor der Passion (Antes da Paixón)

Heinrich Ignaz Franz Biber

VI. Christus auf dem Ölberg (Cristo no Monte das Oliveiras, das Sonatas do Rosario)

Rainer Maria Rilke

Pietà (Piedade)

Heinrich Ignaz Franz Biber

X. Kreuzigung (A Crucifixión e morte de Xesús, das sonatas do Rosario)

Johann Schop

Lachrimae Pavan (variacións sobre a peza homónima de John Dowland)

Bartolomé de Selma y Salaverde
(c.1595-d.1638)

Basso solo passeggiato sopra "Vestiva i colli ..." (sobre o madrigal homónimo de G. P. da Palestrina)

Heinrich Ignaz Franz Biber

XVI. Passacaglia (das Sonatas do Rosario)

Annelie Gahl

A violinista Annelie Gahl goza dunha sólida reputación internacional grazas ás súas gravacións en solitario, nas que combina tanto repertorios clásicos e barrocos, como pezas contemporáneas para violín solo. A revista *The Strad Magazine* sinalou o seu debut en solitario como "prometedor e emocionante", mentres que o *Salzburger Nachrichten* puxo a énfase nunha "arte do violín" esplendidamente enfocada. A revista alemá *Ronde* cualificou o disco *Melodies and Harmonies*, premiado co *Pasticcio Prize* da Corporación Austríaca de Radiodifusión (ORF), como "posiblemente a máis fermosa gravación de John Cage en moitos anos". Annelie Gahl foi galardoada co Premio Anton Bruckner e o Premio Paula Boleszny. Como solista, foi aclamada na estrea en Austria do concerto para violín de Amanda Maier Röntgen (1875) e do concerto para violín e trompa de Ethel Smyth (1928). Ademais, ten interpretado en Salzburgo, Linz e no Musikverein de Viena, un repertorio que vai desde Vivaldi e Beethoven ata Steve Reich coa Camerata Salzburg e a Kammerphilharmonie Salzburg.

A súa dedicación á música contemporánea é clave no seu traballo, que resulta versátil e dinámico. É unha convidada habitual do Klangforum Wien e os seus creativos programas en solitario, a miúdo combinados con danza, literatura e arte visual, levárona a moitos festivais internacionais. Ademais do seu traballo regular coa Camerata Salzburg e o Concentus Musicus, foi requirida como primeira concertino da Wiener Akademie e da RSO Wien. Como apaixonada da música de cámara, tocou xunto a Benjamin Schmid, Ivry Gitlis, Valentin Erben, Lukas e Veronika Hagen, e Michael Kofler, entre outros.

Con gran gratitude cara aos seus mestres Paul Roczek, Ernst Kovacic e Shmuel Ashkenasi, e logo de ter a sorte de traballar durante anos con Sándor Végh e Nikolaus Harnoncourt, hoxe en día o ensino converteuse nunha parte fundamental da súa axenda. Annelie é profesora de violín na Universität Mozarteum de Salzburgo e imparte regularmente clases maxistras e formación en música de cámara en Austria, Israel, Alemaña, Moscova e China.

Ewald Donhoffer

Ewald Nathanael Donhoffer formouse en varias das universidades de música da súa cidade natal, Viena. Estudou clave con Wolfgang Glüxam e Gordon Murray; órgano e música sacra con Alfred Mitterhofer e Roman Summereder e dirección orquestral con Georg Mark. Desde 2005 leva a cabo unha intensa actividade concertística como director, clavecinista e organista con orquestras como a Orquestra Sinfónica de Viena, a Staatskapelle de Dresde e a Orquestra Sinfónica da Radio de Viena. Debutou no Theater an der Wien en 2007 como asistente de Fabio Luisi e Bertrand de Billy, entre outros, e participou en festivais como a Styriarte, o Festival de Salzburgo, de Utrecht, Dresde e Bonn. Recentemente, dirixiu concertos coa Brandenburger Symphoniker e a Israel Chamber Orchestra. Tamén impartiu clases de dirección e correpetición nas universidades de música de Viena e Graz e, desde 2019, na Universidade Católica de Linz. En 2016 ingresou na Orde dos Premonstratenses no mosteiro de Schlägl, no Alto Mühlviertel e, desde o outono de 2022, é director do Conservatorio de Música Sacra da Diocese de Linz. Desde 2023 é tamén mestre de capela da Abadía de Schlägl e asistente no Instituto de Ciencias Litúrxicas e Teoloxía Sacramental da Universidade Católica de Linz.

Nos órganos da igrexa do mosteiro de Schlägl gravou, xunto co organista Nikita Gasser, un CD con obras para dous órganos. Xunto coa violagambista Maddalena del Gobbo, con quen xa gravou varios CD's para a Deutsche Grammophon, actuou recentemente nos Barocktage do Mosteiro de Melk.

Peter Trefflinger

Nado en Steiermark (Estiria), Peter Trefflinger estudou violonchelo, violonchelo barroco e viola da gamba. Durante os seus anos de formación recibiu un importante apoio e consellos do violonchelista Philipp Muller (París), do organista Kurt Neuhauser (Graz) e do violonchelista barroco e gambista Christophe Coin (Basilea). Dende hai máis de 20 anos, dedícase intensamente á práctica interpretativa historicamente informada e é un demandado especialista en violonchelo barroco e continuista a nivel internacional. Ten numerosos compromisos en orquestras nas que se interpretan instrumentos orixinais como L'Orfeo Barockorchester Linz, Concentus Musicus Wien, Les Talens Lyriques, Les Musiciens du Louvre ou o Collegium Marianum Praga. Coa

Orchester Wiener Akademie realizou xiras por América do Norte e do Sur, Corea do Sur, Xapón e numerosos países de Europa, onde participou en festivais de renome.

A música de cámara e as actuacións en solitario son outros dos eixes importantes do seu traballo. Mantén unha longa e frutífera amizade e colaboración musical con Gunar Letzbor e o seu conxunto Ars Antiqua Austria. Ademais, desde o ano 2020, dirixe o orquestra barroca Neue Hofkapelle Graz xunto a Lucia Froihofer.

Hans Brüderl

Como laudista, Hans Brüderl colabora con diversos grupos de música antiga, e exerce como continuista o que lle permitiu, ao longo da súa carreira, cubrir un amplo campo de acción e posibilidades en canto a proxectos e repertorios. Estes abarcan desde música solista para laúde e dúos ata obras para formacións meirandes, óperas barrocas, oratorios e as Paixóns de J.S. Bach.

Participou en destacados festivais internacionais de música antiga, como o Festival de Flandres, os Tage Alter Musik Herne, o Festival de Salzburgo, Klangforum Wien, as Festwochen der Alten Musik de Innsbruck ou a Trigonale de St. Veit, entre moitos outros. É invitado habitual de conxuntos como o Salzburger Hofmusik, Marini Consort Innsbruck, Münchner Hofkapelle, Neue Hofkapelle Graz, Capella Leopoldina, Münchner Bachchor, Staatsorchester am Gärtnerplatz, Mozarteumorchester, Camerata Salzburg, Wiener Akademie e é ademais membro do Salzburger BachWerkVokal.

Hans Brüderl participou en numerosas producións discográficas, a última delas, producida pola emisora bávara Bayerischer Rundfunk, leva por título *Suoni Amorosi*, con música para salterio e laúde, que interpreta xunto coa profesora de *Hackbrett* (címbalo) da Hochschule für Musik und Theater de Múnic, Birgit Stolzenburg. Hans Brüderl é ademais profesor de guitarra e música antiga na Universidade Mozarteum de Salzburgo.

Luís Iglesia

Actor de teatro, televisión, cine e dobraxe, Luís Iglesia foi protagonista de series como *Libro de familia*, *Mareas vivas*, *Serramoura*, *Pazo de familia*, *Terra de Miranda*, onde interpretou o papel protagonista de Antón ou *Matalobos*, a coñecida serie na que interpretaba o papel central de Carmelo Matalobos, traballo polo que foi nomeado, en sucesivas edicións, para o galardón ao mellor actor protagonista dos Premios Mestre Mateo. Participou tamén en series españolas como *Pepe Carvalho*, *Hospital Central*, *Piratas* ou *El ministerio del tiempo*, entre outras.

Participa en películas como *Vilamor*, dirixida por Ignacio Vilar, *Heroína* de Gerardo Herrero ou *El regalo de Silvia*, de Dionisio Pérez Galindo. Formou parte de diferentes compañías de teatro, entre elas, Malasombra Teatro, Bonecalareta ou Teatro do Aquí, dirixido por Roberto Vidal Bolaño. Iglesia é tamén a voz que dobra ao galego coñecidos actores como Harrison Ford, Robert De Niro, Mel Gibson, Paul Newman, Chuck Norris ou Andrew Garfield.

Traballa tamén como profesor de técnica e interpretación na titulación de especialista en dobraxe da UVIGO, *coach* de voz e locución para presentadores e locutores da CRTVG, profesor de interpretación no Máster de Interpretación de Voz Audiovisual e como profesor e coordinador dos cursos de dobraxe da Fundación Araguaney.

O órgano

Como no caso dos seus irmáns franciscanos, tamén as clarisas consideraban o órgano unha peza fundamental dentro do mobiliario litúrxico das súas igrexas, como parte consubstancial e insubstituíble dos oficios. E o convento de Santa Clara de Compostela, dende logo, non foi unha excepción á regra. Sabemos que no ano 1565 o organeiro de orixe viguesa, Pedro Martínez de Montenegro, fixo un órgano para o mosteiro *“que ha de tener çinco registros (...) y haber muchas y buenas mudanzas con sus ruyseñores segun y de la manera que estan fechos los horganos de la iglesia de santa maria la nueva”*. Un órgano de concepción renacentista que, con moita probabilidade, substituíu un anterior. De xeito colateral, infórmanos de que, a mediados do século XVI, había en Santiago un órgano na igrexa do desaparecido convento de Santa María a Nova, que estaba en Mazarelos.

Máis adiante, o órgano de Montenegro será substituído por outro debido a un organeiro de orixe portuguesa, pero que se asenta e traballa en Santiago: Baltasar Machado. Construído en 1668, este instrumento terá unha vida moi efémera, pois coa reedificación da igrexa a fins do século XVII, o organeiro da catedral de Santiago, Manuel de la Viña, construírá en 1709 o instrumento que hoxe podemos admirar. Da importancia que lle daban as monxas clarisas ao uso do órgano nas súas celebracións litúrxicas dá boa proba o feito de que durante as obras, cando se debeu retirar o órgano de Baltasar Machado, Juan Galindo, arpista da Catedral e tamén organeiro, emprestaralle un pequeno órgano positivo ao mosteiro.

Polo demais, o interesante instrumento que agora acolle o mosteiro ten gran parte da tubaxe orixinal de De la Viña, a pesar das intervencións sufridas en 1750 e 1865, esta última a cargo do organeiro compostelán Ramón Cardama, autor do órgano da capela de Ánimas. Dáse o caso curioso de que Cardama foi o pai dunha das organistas do convento sobre a que temos noticia: sor M^a de la Asunción Cardama, que profesou no ano 1885 e é recordada como unha hábil organista e pianista. O órgano tamén tivo a intervención do franciscano frei Manuel Fernández entre 1930 e 1932, que alterou severamente a súa disposición orixinal. Porén, a recente restauración feita no ano 2004 pola casa inglesa Goetze&Gwynn devolveuno, felizmente, ao seu estado orixinal, ao tempo que conserva aquelas adicións posteriores que respectaron a súa esencia de órgano

barroco ibérico. Así, o órgano de Santa Clara é un dos máis antigos de Galicia, plenamente operativo, que podemos escoitar hoxe en día.

Andrés Díaz Pazos

www.compostelacultura.gal

Vindeiras actividades e concertos en De Lugares e Órganos

Mércores 16 de abril, 19.00 h, VIDE,VIDE! ESPAZO ENOCULTURAL,
O ÓRGANO SAE Á RÚA, encontro con Annelie Gahl,
espazo de música ao vivo e conversa

Xoves 17 de abril, 11.00 h, entrada do cemiterio da Confraría do Rosario
OUTRAS PAISAXES, OUTROS TONS DA CIDADE, Memoria silente:
A Terceira Orde, lugar de memoria da organaría galega
Ás 13.00 h, concerto de Alejandra Escolante Mujico
na igrexa da Terceira Orde



COLABORAN:

